

CAPÍTULO 2

A FESTA DE CUMPREANOS DE MARÍA

Xa só faltaban tres días para o meu cumpreanos.Mamá díxome que o celebraríaa o sábado pola tarde e que podía invitar ós meus amigos. Miña irmá Uxía e meu irmán Antón axudáronme a face-las invitacións para a festa.Nelas debuxamos unha gran torta de cumpreanos con dez velas, xa que eu cumpría dez anos, e un texto que dicía:



**Invítote á miña festa de cumpreanos que se celebrará o día 24 de novembro ás 5 da tarde na miña casa.
A miña dirección é Rúa Fisterra, nº12.
Espérote alí.**

No recreo repartín as invitacións a tódolos compañeiros da miña clase: Xosé, Nuria, Manolo, Serxio, Adela, ... e tamén á miña nova amiga Javiera.

-Toma Javiera a invitación para vir á miña festa de cumpleaños. Pasarémoslo moi ben. Haberá moita comida, unha gran torta e ó final o mellor, a piñata.

-Grazas María pero non sei se poderei ir.

-Tes que vir. Así coñecerás á miña familia. Van a vir tódolos compañeiros da clase. Incluso imos facer un baile. Non podes faltar.




Por fin chegou o día tan esperado. Os primeiros en chegar foron os avós Daniel e Rosario. Logo viñeron a tía Lola e o tío Xaime cos seus fillos, o meu curmán Iván e a miña curmá Antía. Despois comezaron a vir tódolos meus amigos pero, ... faltaba Javiera.

-Mamá seguro que non vai vir.

-Non te preocupe María, aínda é cedo.

De repente tocaron ó timbre e alí estaba ela. Acompañábaa seu pai.

-Ola Javiera! Que ben que viñeras! Vén que che vou presentar á miña familia.




Estivemos comendo larpeiradas, bailamos, cantamos co karaoke, xogamos á pilla e ó escondite por toda a casa, ...

Cando chegou a hora da tarta todos me cantaron o cumpreanos feliz e eu soprei as velas, non sen antes pedi-lo desexo.

-Agora xa podeades darlle á piñata- dixo papá.

-Ben, ben!- dixemos todos.

Javiera estívonos contando como celebran os cumpreanos no seu país. Son moi similares ós nosos, sen embargo noutros países non é así.



Ás oito da tarde comezaron a vir a recoller ós meus amigos.

-Paseino moi ben- dixo Javiera –Alégrome de ter vido á túa festa e alégrome moito tamén de ter unha amiga coma ti, María.

Eu abraceina moi forte, dinlle un enorme bico e díxenlle:

-Vémonos o luns no colexio, amiga.

